

Literatura, historia e mito

CONCEPCIÓN DELGADO CORRAL*

José García Acuña é traductor de Charles Brun e de Duguit, simpatizante dos movementos agrarios, secretario xeral do consello directivo da revista coruñesa *Alfar*, autor da «novela» *La Mariñana*, do libro de poemas *De vita et moribus* (solaces literarios) e do ensaio *Idearium Regionalista. Esquema sintético de la Evolución Regionalista Ibérica*¹. Autor en castelán, en contraposición ao seu irmán Fernando,² ingresou na Real Academia Galega en 1932, pronunciando un discurso de carácter histórico-político titulado «Conquista y Evangelización de la Nueva Galicia». Ocuparía na RAG a vacante deixada por Murguía, autor do que publicará en 1933 un artigo titulado «Murguía, poeta».³

Sendo ben coñecida a importancia de Murguía para a cultura galega, sen embargo no campo da literatura non pode figurar como un importante creador, por ser escasa a súa obra literaria en galego. Un tanto contradictoria é a constante defensa que Murguía fai da utilización da lingua galega por parte dos outros e a escasa utilización por parte del. Non pode figurar na historia da literatura galega, nen por suposto na castelá, porque a súa obra principal é sobre todo didáctica e non de creación. Os textos literarios, non poéticos, están recollidos no volume *En prosa*, de 1895. En palabras de Carré Aldao, deixou o cultivo da poesía en castelán como unha homenaxe á súa esposa Rosalía⁴. De 1854, cando tiña 21 anos, é o seu poema en galego estruturado en tres seguidillas de bordón, feito para o álbum de Elina Avendaño, titulado «Nena das soledades».

*Concepción Delgado Corral, betanceira, é Doutora en Filoloxía pola Universidade de Santiago de Compostela e Catedrática de Lingua e Literatura Galega do Instituto «Francisco Aguiar» de Betanzos.

¹Vide Concepción Delgado Corral, «Fernando García Acuña no panorama da Literatura Galega», in *Anuario Brigantino*, 1996, p. 309.

²Ao doutor Xosé Antonio Miguez debemos uns dos primeiros e moi importantes traballos sobre os irmáns García Acuña, Fernando poeta e xornalista, e Xosé fundamentalmente ensaísta. O doutor Miguez abriu o camiño para a consideración actual destes dous homes que no seu momento compartiran un lugar destacado no panorama intelectual galego, e que hoxe estaban un tanto esquecidos. Son de obrigada consulta os seguintes traballos do profesor Miguez:

«Cien años de periodismo local (1883-1983)», en *Anuario Brigantino*, 1983, pp. 67-68.

«Fernando García Acuña, periodista y poeta brigantino» en *Anuario Brigantino*, 1985, pp. 121-129.

«Hombres de antaño. El ideario regionalista de José García Acuña», en *Anuario Brigantino*, 1986, pp. 129-134.

«Dos brigantinos ilustres. Los hermanos García Acuña», en *Anuario Brigantino*, 1987, pp. 151-156.

«Poesía autógrafa de Fernando García Acuña», en *Anuario Brigantino*, 1988, pp.167-169.

«Un médico cubano. Fernando García Acuña, en el recuerdo de su hermano José», en *Anuario Brigantino*, 1992, pp. 257-261.

«Algo más sobre José García acuña», en *Anuario Brigantino*, 1993, pp. 209-225.

³Cfr. B.A. G. n1 248, Ano XXVIII, pp. 173-179.

⁴Vide Carré Aldao, «Estudio biobibliográfico-crítico acerca de Rosalía de Castro», in B.R.A.G., tomo XVI, p. 90.

A pesar da afirmación de Vaamonde Lores de que despois desta primeira composición dedicada a Elina Avendaño, foron numerosas as producións de Murguía en galego, o certo é que as probas son escasas, coñecendo no campo da prosa o «Discurso nos xogos florais de Tui»⁵, o discurso en honor de Pondal «Eduardo Pondal e a súa obra»⁶ e o artigo «A Curros»⁷. Carballo Calero afirma ter encontrado nuns papeis na Academia Galega uns borradores autógrafos de versos galegos que, segundo el, mitigan un pouco a realidade de que Murguía cultivou escasamente o galego. Son estes versos cinco alexandrinos, un soneto incompleto e outros cinco alexandrinos que realmente pouco ou nada mitigan esa realidade.

Así pois, D. Xosé García Acuña esaxera ao afirmar que Murguía era «poeta sobre todo», aínda que a esaxeración fica atenuada ao entender como poesía mesmo a obra en prosa. Esaxera tamén cando fala da súa «copiosísima obra literaria». A esaxeración maniféstase á hora de presentar probas que non aparecen para manifestar esa «copiosa obra literaria», tratando de xustificarse da seguinte maneira:

«Si es tarea imposible reunir hoy la copiosísima obra literaria de Murguía, dispersa en revistas, periódicos y publicaciones de toda índole. la búsqueda de sus poesías representa un esfuerzo de lo mas lento, difícil y fatigoso»

Caracteriza como poeta romántico a Murguía, ofrecendo o poema en castelán titulado «Al partir», escrito o 17 de Setembro de 1851, poema publicado en *Galicia, Revista Universal de este reino*, en 1862. De 1853 afirma ser o «Madrigal», que posteriormente será publicado no *Album de la Caridad*, con motivo dos Xogos Florais da Coruña. Engade o poema «Sueños dorados», datado en Madrid en agosto de 1857 e publicado no *Album del Miño*, xunto co poema «Ildara de Courel». Da poesía en galego cita e reproduce o poema dedicado a Elina Avendaño, escrito en Madrid o 1 de Xuño de 1854, e inserto no xa citado «Album de la Caridad» como «En el album de Elina Avendaño» e que comeza co verso «Nena das soledades».

O traballo de García Acuña sobre Murguía non confirma que o autor teña que formar parte como unha grande figura da historia da literatura galega, e moito menos da poesía á que só dedicou un poema. D. César Vaamonde Lores, grande amigo de Murguía, fora o que suxirira a García Acuña este estudio, no ano 1933, cando se conmemoraba o primeiro centenario do nacemento de Murguía, publicando a RAG un boletín a el dedicado, no que se inclúe o traballo do autor betanceiro. Aínda que non moitos máis, o certo é que Murguía tiña publicado máis poemas en castelán, que García Acuña non menciona. D. Juan Naya recolle as seguintes composicións transcritas da colección de *La Oliva*: «La flor y el ave»⁸, «A una paloma»⁹, «A las ruinas del Castillo de Altamira»¹⁰, «En un álbum»¹¹ e «Gloria».

⁵Os primeiros Xogos Florais do século XIX foron os da Coruña en 1861. En 1891 tiveron lugar os de Tui, organizados pola Asociación Regionalista Gallega da que formaban parte Murguía, Alfredo Brañas e Salvador Cabeza de León, que decidiron que estes xogos tivesen un carácter puramente galego, sendo o galego a lingua oficial e a lingua dos poemas premiados así como a lingua de todos os discursos; o do bispo Lago González, o de Cabeza de León, o de Brañas e o de Murguía.

⁶Este discurso publicouse a partir dun documento manuscrito no Boletín da Academia Galega, números 248-49, pp. 184-92.

⁷Vide *Terra a nosa. Suplemento de El Noroeste*. Ano I, 28 febreiro de 1919. Vol. 3. *Homenaxe a Curros Enríquez*, p. 23.

⁸ O poema está sen data; a data de publicación en *La Oliva* é o 19 de marzo de 1856.

⁹ Datado en Madrid o 15 de decembro de 1854. Publicado no xornal o 3 de maio de 1856.

Todas, agás «Gloria», foran publicadas no xornal *La Oliva*. O máis estraño é que García Acuña descoñecese o poema «Gloria», publicado xa en 1862 no *Álbum de la Caridad* xunto co poema dedicado a Elina Avendaño, que si cita e reproduce.

Murguía cultivou a poesía nos primeiros anos, antes de casar con Rosalía, a quen coñece polos anos 1856-57¹². O que resulta evidente é que un poeta non se sacrificou ou rendeu homenaxe por outro poeta porque só había un grande poeta, que non era precisamente Murguía, senón Rosalía de Castro. Consciente disto, o autor, a partir da década dos sesenta, vira toda a súa atención para o campo da investigación histórica, á que se dedicará plenamente. O gosto por escribir poesía maniféstao aínda en 1903 nun poema dedicado a D. Ramón de Artaza y Malvárez, cronista de Muros. Neste pequeno poema fai unha especie de metapoética na que afirma que a poesía foi a súa primeira ilusión: «*Los versos fueron mi ilusión primera / Porque en la alada estrofa ver creía / De mis tristes y locos pensamientos / Encerrada la imagen fugitiva, / Como en la copa de cristal tallado / El agua transparente pura y limpia*».

Imos centrarnos no soneto en castelán sobre a figura de Pardo de Cela, do que García Acuña afirma que Murguía se reprochaba o feito de telo publicado contribuíndo así a «*la difusión de una superchería más sobre las que entenebrecen y desfiguran la historia de Galicia de fines de la Edad Media*». É evidente a pouca simpatía que García Acuña manifesta pola figura do Mariscal e por «*certos novelistas que lograron convertir en heroe de las libertades gallegas a un señor feudal, tirano de la comarca que dominaba despóticamente, y al que sólo su muerte por la justicia de los Reyes Católicos, salvó del olvido piadoso*».

Benito Vicetto, na súa *Historia de Galicia*, recollera a lenda de Pardo de Cela, seguindo a D. Félix Álvarez Villaamil no artigo publicado en *Galicia, revista universal de este reino*, dándolle a este personaxe unha interpretación que foi continuada na política por Alfredo Brañas, na poesía por Leiras Pulpeiro e no teatro por Ramón Cabanillas na obra *O Mariscal*, convertindo esta figura nun símbolo da resistencia de Galicia contra o centralismo dos Reis Católicos. A obra teatral, cunha carga poética e política evidente, defende os postulados propostos polos homes das Irmandades da Fala, e máis concretamente por Antonio Villar Ponte, autor que asina a obra xuntamente con Cabanillas. Unha certa tendencia á creación de mitos agudízase nas Irmandades da Fala, considerando os seus integrantes que pode ser máis eficaz unha recreación mítica con moita carga de saudade¹³ que a mesma veracidade histórica. Villar Ponte e Cabanillas no pre-limiar á edición de *O Mariscal*, de 1926, fan a defensa deste tipo de recreación histórica, dirixíndose con ironía aos seus posíbeis críticos:

«Acouguen os homes graves de sangue espiritual frío que andan ao estudo da Historia pola Hestoria, e termen de se non encabuxaren coa lectura desta obra. Para eles «O Mariscal» pode ser cousa sen valimento que fique ao marxe da seriedade. Para nós ten a forza xermoladora do mítico que leva feito máis polo progreso dos pobos que todos os datos históricos perfectamente contrastados. O mito, coma elemento auxiliar da pedagogía, ten unha fonda estimanza, e aínda non vai para lonxe que Sorel o loubaba na Franza coidándoo espóra de enxéfrica no senso sociolóxico»¹⁴.

¹⁰ Datado en Madrid o 10 de xaneiro de 1855. Publicado no xornal o 31 de maio de 1856.

¹¹ Datado en Madrid en marzo de 1855. Publicado no xornal o 31 de maio de 1856.

¹² Cfr. Juan Naya, B.R.A.G. no XXV, 1950, pp. 100-101.

¹³ Vide X. M. Millán Otero, «Sobre o itinerario poético. A Paixón pasiva» in *A Nosa Terra*, ndmero dedicado a Cabanillas, pp. 17-18.

¹⁴ *Ob. c., Vol. III, p. 246.*

Este texto é moi anterior ao texto de García Acuña, datado en Maio de 1933, mais xa aquí adiviñaban os autores os posíbeis detractores que poderían ter ante o valor e importancia que concedían á creación dun espacio mítico para reforzar a idea de identidade nacional. García Acuña critica en xeral aos forxadores desta concepción histórica:

«El afán fetichista de algunos escritores gallegos, les indujo a multiplicar los héroes de un fantástico walhala regional, olvidando que el único héroe glorioso, defensor, sin duda inconsciente, de la autonomía de la tierra vernácula y en todo caso enemigo de las arbitrariedades y depredaciones de los señores feudales, fué el pueblo de Galicia, organizado en aquellas gloriosas «Hirmandades», cuyo sentido democrático, innato en la región, se muestra en sus gloriosas rebeldías»¹⁵.

Murguía compuxo este poema baixo as influencias literarias que consagraban a figura de Pardo de Cela como un heroe, e certamente ten razón García Acuña cando afirma que posteriormente se arrepentiu de considerar así esta figura, o que comprobamos no seu artigo «De las guerras de Galicia en el siglo XV»¹⁶. Confesa Murguía que lle doe tocar un asunto sobre o cal a tradición e a poesía espallaran tantas flores, mais que na realidade Pardo de Cela só fora un tirano. Murguía afirma que non pode ir contra o que considera a «verdade histórica»:

«Como sucede muchas veces, en esta ocasión, la verdad histórica está en entera contradicción con la tradición oral; no se puede seguir a las dos a un tiempo: hay que decidirse por completo, o por lo que halaga y entusiasmo, o por lo que convence. Nosotros no hemos vacilado ateniéndonos a la verdadera y genuina lección de los hechos, y estudiándolos en su relación con la época en que tuvieron lugar, no quisimos rechazar como falsa la verdad, solo porque la poesía con sus deslumbradoras galas venía a desmentirla. Entre la auténtica relación de los hechos y una tradición en completo desacuerdo con estos, no cabe indecisión: el historiador opta siempre por lo más probable»¹⁷.

A elección á que Murguía se ve obrigado non aparece cientificamente xustificada no seu traballo porque el mesmo asegura que os datos son escasos; nunca esa «auténtica relación dos feitos» está documentada bibliograficamente, senón que, como el mesmo afirma, ten que optar polo máis probábel, aínda indo en contra dunha tradición. Entre as crónicas contemporáneas e historias eclesiásticas das que fala, unicamente cita a Carta Xecutoria na que figuran os que venderon a Frouseira. Murguía reduce o conflito entre o Mariscal e os Reis Católicos, ao dote dado polo bispo de Mondoñedo á «súa irmá» Dona Isabel, esposa do Mariscal; morto este, o bispo sucesor asegura que o Mariscal tiña terras que eran da mitra o que leva a unha loita entre eles, na que os Reis Católicos están da parte do bispo. Cando parece estar todo claro neste sentido, de repente Murguía dubida da verdadeira causa pola que foi degolado o Mariscal decantándose unha vez máis pola teoría da probabilidade:

«Pero, ¿cuál fué la verdadera causa porque sufrió la última pena Pedro Pardo de Cela?
¿Fué acaso, como quieren algunos, que sueños ambiciosos llenaron su espíritu demasiado

¹⁵J. García Acuña, ob. cit. p. 179.

¹⁶ Este artigo foi publicado en *Galicia, Revista Universal de este reino*, A Coruña, 15-2-1861, pp. 145-48.

¹⁷ *Artigo cit.*, p. 148.

altivo, o que sus faltas reconocían un origen tan poco poético como nos lo dan a entender las crónicas contemporáneas y lo confirma la citada carta ejecutoria? Lo primero puede ser verosímil: el corazón humano encierra secretos profundos a los que es imposible llegar; pero lo segundo es más probable».

Murguía chega a afirmar que o bispo de Mondoñedo «D. Íñigo de Castro» era irmán de Dona Isabel, cando xa na Relazón da Carta Xecutoria, que el mesmo cita, consta que era D. Pedro Enríquez de Castro, tío de Dona Isabel de Castro. En relación co comportamento dos criados do Mariscal, fai conclusións subxectivas e un tanto arbitrarias sen ter en conta documento algún, supoñendo que abriron as portas do tirano para poñelo nas mans da xustiza dos Reis Católicos, cando xa na Relazón se afirma que os que venderon a Frouseira foron subornados, e convencidos con promesas e co temor da pena que merecerían por ser rebeldes aos Reis Católicos, cousa aceptada por todos os estudiosos da figura do Mariscal.

Pese a todo, resultalle difícil explicar a devoción que o pobo manifestaba polo Mariscal, chegando a dedicarlle cantares, cousa que non cadra coa idea de tirano que trata de defender:

«Es verdad que el pueblo, impresionable y fácil a la compasión, cuando vió rodar sobre el cadalso la cabeza de este poderoso, se puso de su lado y cantó su muerte en sencillos versos que son a la vez un ejemplo del estado a que había llegado la literatura popular en aquella época, y un dato histórico bastante notable».

Murguía, que consideraba que había unha tradición popular ennobrecedora desta figura, que el descartaba ante a «verdade histórica», ao final admite que o sentir da xente que nos transmite esa tradición é un «dato histórico notable», caendo en contradicións e poñendo en causa esa suposta verdade que nun principio afirmaba rotundamente.

Na opinión de Murguía non hai datos para defender a figura do Mariscal, pero o que se deduce do seu ensaio é que tampouco hai datos para crítica-la. Recoñece que hai unha tradición poética ennobrecedora do personaxe, que el rexeita ante a teoría da probabilidade que continuamente aplica, aínda que oscilando entre contradicións: non admite a visión de heroe que a tradición transmite, mais tampouco a rexeita enerxicamente, reducíndose o traballo a unha serie de interrogantes que tratan de confirmar o que el considera probábel, non rexeitando que poidan aínda aparecer datos que modifiquen a súa opinión.

Este ensaio de Murguía é o terceiro publicado na mesma revista *Galicia* sobre a figura do Mariscal. O día un de Xaneiro de 1861 aparece publicado un artigo de José Villaamil y Castro titulado «El Mariscal Pardo de Cela»;¹⁸ o autor remítese á visión oficial do Padre Mariana e de D. Antonio de Guevara, autores que sostían que o personaxe era un revoltoso, un tirano e un rebelde. Introduce a lenda de Dona Isabel de Castro pedindo clemencia aos reis Católicos, e o seu entretemento, por parte dos partidarios de D. Fadrique, bispo de Mondoñedo, nas aforas da cidade, motivo polo cal ese lugar aínda hoxe é coñecido como o Pasatempo.

O segundo artigo publicado é o do quince de Xaneiro de 1861, asinado por D. Félix Álvarez Villaamil, precedido dunha carta ao director na que sostén que posuía apuntamentos orixinais que pasara a Modesto Lafuente para a súa *Historia General de España*. A súa

¹⁸ Cfr. *Galicia. Revista Universal de este reino*, no 7, pp. 106-108.

opinión oponse ás anteriores, afirmando que os Reis Católicos actuaron contra o Mariscal porque este era partidario de Dona Xoana. Modesto Lafuente, a través dos datos que Álvarez Villaamil lle suministra, publica¹⁹ que o Mariscal Pedro Pardo de Cela, elevado a un dos máis altos postos da milicia no reinado de Enrique IV, señor das fortalezas de Cendimil, Frouseira, San Sebastián de Carballidos e outras moitas, era o máis celebre e o máis coñecido dos próceres galegos; partidario de Dona Xoana a Beltranexa mantense rebelde á raíña Isabel aínda despois de ter profesado a Beltranexa no convento de Coimbra. Para estes autores a fidelidade á Beltranexa é a causa do castigo que lle decretan os reis, coa confiscación dos seus bens e a morte. Segundo eles o capitán Mudarra tardou tres anos en reducir ao Mariscal á única fortaleza da Frouseira, que finalmente é vendida por 22 criados, sendo apresado o Mariscal e o seu fillo fóra, sufrindo pena de garrote na praza de Mondoñedo o 23 de Decembro de 1483. Pardo de Cela aparece aquí como o defensor máis obstinado e poderoso de Dona Xoana e o enemigo máis temíbel dos Reis Católicos. D. Félix Álvarez Villaamil pode considerarse como o primeiro en restablecer a figura de Pardo de Cela, situándoo como un verdadeiro heroe, o que, seguindo a el, retomára Vicetto na súa *Historia de Galicia*²⁰. Vicetto non aportará nada especial ao xa aportado por Álvarez Villaamil, recollendo a sospeita difundida por este de que tomara partido por Dona Xoana por considerar que esta era a lexítima herdeira²¹. A novidade en Vicetto é a crítica que fai ao clero, considerándoo o auténtico forxador da imaxe de tirano do Mariscal, causante das súas desgracias, por recuperar uns bens, que foran unha donación pública dun prelado, cuxa familia, os Castro, os posuía desde había máis dun século.

Vemos que no mesmo ano e no mesmo xornal multiplícanse os artigos que tratan da figura do Mariscal, uns a favor e outros en contra, na segunda metade do século XIX, época na que se trataba de reivindicar os valores galegos auténticos fronte ao maltrato de que era obxecto Galicia por parte do Estado español. Por outra parte, o ano 1861 é o ano da celebración dos Xogos Florais da Coruña que, como afirma D. Xosé López Cortón, nacen como medio de alentar á mocidade no cultivo da poesía e da historia de Galicia, do que o promotor agardaba unha rexeneración xeral do país. Así pois o interese pola figura do Mariscal é unha consecuencia lóxica do espírito rexenerador da época. Para os propulsores deste espírito rexenerador, a figura de Pardo de Cela ten un carácter dramático e exemplar que desempeñou accións de interese excepcional para a comunidade galega, un ser extraordinario que deixou unha pegada inesquecible. O personaxe pasa a ter unha función social²², ao presentalo como exemplo heroico, catapultador dos sentimentos de recoñecemento da personalidade histórica galega.

No tratamento histórico da figura do Mariscal, como xa vimos nos tres artigos publicados na revista *Galicia*, déronse e aínda se dan dúas posturas, unha postura de defensa, na que aparece como heroe libertador do pobo galego fronte ao centralismo dos Reis Católicos, e outra de crítica, postura oficialista, que exalta aos Reis Católicos como os pacificadores das revoltas que tiñan lugar no territorio galego. Para os defensores, Pardo de Cela é un símbolo da defensa das liberdades de Galicia. Os que critican a súa figura consideran que

¹⁹ Cfr. *Historia General de España*, t. II, p. 261, nota 1.

²⁰ Cfr. Vicetto, *Historia de Galicia*, Tip. Taxonera, t.VI, Ferrol, 1873, pp. 188-205.

²¹ Villaamil e Castro e Salustiano Portela Pazos sosteñen que Pardo de Cela non estaba entre os defensores de Dona Xoana contra a raíña Isabel. Cfr. Mayan Fernández, *El Mariscal Pardo de Cela y la Iglesia de Mondoñedo a la luz de nueva documentación histórica*, Lugo 1962.

²² Malinowski e Mircea Eliade teñen destacado o aspecto funcional dos mitos.

este personaxe foi un represor dos labregos e un tirano, e que os verdadeiros libertadores de Galicia foron os reis. Hernando del Pulgar afirma que os Reis Católicos tiveron que reprimir agravios e crimes por parte dos señores feudais ata que lograron pacificar Galicia, poñéndoos como salvadores, fronte a un Pardo de Cela que cometía impunemente toda sorte de tropelías. Nesta liña podemos situar, entre outros, a Antonio López Ferreiro²³. Así mesmo a F. Elías de Tejada e G. Pércopo, autores da obra *El reino de Galicia hasta 1700*, obra na que fan un estudio do pensamento político de Galicia, considerándoa como posuídora dunha personalidade diferenciada; mais a perda da súa personalidade histórica non a consideran como unha frustración senón como unha consecuencia lóxica na súa evolución; tampouco consideran que nas Irmandades estivese latente o problema da personalidade nacional galega, seguindo nisto a Murguía, afirman que é unha loita entre o débil e o forte, entre o señor e o vasalo. Mais, aínda que non houbera un interese nacionalista concreto, como afirma Basilio Losada, da súa victoria dependía o asentamento dunha burguesía que constituiría o fundamento da conciencia nacional²⁴; o fracaso desa revolución burguesa desfixo o novo tipo de sociedade baseado na burguesía, que ficou eliminada do panorama político e como futura alternativa de poder, mentres que os señores galegos se integraron no marco político da Coroa de Castela²⁵. Seguindo nesta tendencia de recoñecemento da personalidade diferenciadora do pobo galego, mais non recoñecendo o seu espírito nacional, tratan a figura do Mariscal, no que seguen a López Ferreiro, considerándoo como un opresor do pobo e como usurpador dos bens da igrexa.

Toda a historia en torno do Mariscal aparece borrosa. Hai datos contradictorios mesmo no feito de si estaba ou non na Frouseira cando esta foi vendida polos criados. Tampouco está claro que fose un dos grandes defensores de Dona Xoana contra Isabel²⁶. Fronte a todos os datos aportados para demostrar que Pardo de Cela sempre fora fiel á raíña Isabel, o certo é que, como ben afirma Victoria Armesto, os feitos non cadran; non sería posíbel a persecución e morte do Mariscal baixo da protección que Isabel lle prometía. Conclúe ben a autora ao afirmar que o Mariscal podería simultanear a fidelidade a Xoana e a Isabel, ou servir a unha mentres afirmaba que servía á outra e, por outro lado, os reis Católicos puideron facer que o protexían mentres o perseguían. O que está claro é que, nun determinado momento, o Mariscal non está de acordo cos Reis Católicos e co poder centralista que impoñían a través dos seus enviados, o que fica demostrado cando se nega a participar no sitio de Fonseca e do Arcebispo de Santiago; tamén nos sucesos de Viveiro, primeiro pola actitude dos reis, ao non entregarlles o Mariscal os maravedís que debía da avenencia co Conde de Ribadeo, e cando Ladrón de Guevara, tendo o Mariscal a vila ao servizo dos Reis

²³ Cfr. *Galicia en el último tercio del siglo XV*, A. López Ferreiro, t. I, Andrés Martínez Salazar, A Coruña, 1896.

²⁴ Cfr. Basilio Losada, «El reino de Galicia, hasta 1700, por F. Elías de Tecada y G. Pércopo», *Grial*, t.5, no 16., 1967

²⁵ Cfr. Anselmo López Carreira, *A revolución Irmandiña*, Galiza Editora, Ourense, 1987.

²⁶ Mayan Fernández na obra citada, García Oro en *Galicia en la Baja Edad Media. Iglesia, señorío y nobleza*, e Eduardo José Pardo en *El mariscal Pedro Pardo de Cela*, sosteñen que Pardo de Cela nunca militou na causa de Dona Xoana, sendo sempre fiel a Dona Isabel. Victoria Armesto na obra *Galicia Feudal* chega a ter dúbidas e, a propósito da Carta de Seguro e Amparo que, con data 4 de novembro de 1480, a raíña Isabel deu para que ninguén ousase facer mal ao Mariscal, aclara: «No sería yo tan osada que negase lo evidente, los documentos de Simancas están sobre la mesa. ¿Podría la reina proteger tanto a Pedro Pardo si Pedro Pardo estaba al servicio de su rival?», p. 530.

e estando el ausente, acollido pola muller do Mariscal, roubou nas casas dos viciños e na do propio Mariscal e sitiou Viveiro²⁷.

Mentres que o tratamento histórico da figura do Mariscal provocou dúas posturas afrontadas, o tratamento literario e poético, cos mesmos prantexamentos rexeneradores anteriormente mencionados, decantouse pola imaxe do heroe salvador²⁸. A figura do Mariscal Pardo de Cela foi cantada en cantigas populares despois da súa morte, ata que finalmente se recolle por escrito, conservándose un poema fragmentario, «O pranto da Frouseira», de autor descoñecido, mais formando parte dese tipo de poesía popular, creada e cantada polo pobo cun espírito colectivo. Aínda que D. Fernando de Saavedra afirma que sobre a tráxica morte do Mariscal hai varios romances galegos que se encontran entre papeis antigos, o certo é que só coñecemos o mencionado poema fragmentario²⁹. O pobo, que o coñeceu e o chorou, foi o que fixo da súa figura un mito, mito que é retomado no século XIX polos defensores da personalidade histórica de Galicia, bos coñecedores de que as lendas e as tradicións teñen máis forza para facer heroes que a historia, conseguindo que a realidade da lenda supere á propia historia.

No campo da poesía orixinou patrióticos poemas nos autores Lamas Carvajal³⁰, Florencio Vaamonde Lores e Leiras Pulpeiro³¹. Nos poemas patrióticos de Leiras Pulpeiro a figura do Mariscal está presente constantemente aínda que só nunha ocasión o cita polo nome, utilizando unha metonimia, o nome da Frouseira polo nome do Mariscal. É evidente a preferencia de Leiras por esta figura, que considera arquetípica, como podemos apreciar neste poema: «*Néboa, que de todo envolve/moitos días a Frouseira,/¿Por que decote no asomas ?/¿Como tantas veces deixas/Que algúns laretos estranos/Seus curutos mundos vexan./Para recordar, entre bulras./Ao miralos nosa afrenta ?.../Pro... ¡fas ben, xa que non houbo/Quen escachelara as testas/Dos vintedous Iscariotes/Do, entón, millor dista terra !*»³². O autor mistura elementos líricos con elementos patrióticos, conseguindo unha peza delicada e fermosísima no poema que a continuación transcribimos: «*Desque lle a peta botaron, / Naide máis foi á Frouseira; / Soilo Dios puxo as froliñas / Por entremedias das penas; / Froliñas pequerrechíñas / E agrouladas, que semellan/Bágoas de sangue caladas / No bico das carrasqueiras; / Froliñas, que, con ser froles, / Caladamente se queixan / De que tanto tanto tarden / En cobrarse contas vellas!*»³³. Ramón Cabanillas utilizou tamén a Frouseira no poema «¡En pé!» do libro *Da terra asoballada*, poema dedicado ao líder das Irmandades da Fala Lois Porteiro³⁴.

²⁷ Cfr. Mayan Fernández, *El Mariscal Pardo de Cela y la Iglesia de Mondoñedo a la luz de nueva documentación histórica*, pp. 43-53.

²⁸ Mayan Fernández afirma que por primeira vez no campo da literatura e debido á inimizade de Ladrón de Guevara co Mariscal, a figura de Pardo de Cela aparece como a dun tirano en dúas cartas de Fray Antonio de Guevara de 1521 e 1522. Vide Fernández Mayan, ob. cit. p. 71.

²⁹ A Relazón da Carta Xecutoria dá conta dos que venderon a Frouseira. Encontrouna impresa no seu palacio de Taboy D. Fernando de Saavedra e publicouna nun Memorial.

³⁰ Lamas, despois do prólogo que Fernández e González escribe para o seu libro *Espiñas, follas e froes*, nunha especie de prólogo do autor explica a intención do libro seguida dunha introdución poética na que afirma: «*Eu cantarei as grorías e costumes/dos nobres fillos desta santa terra*». Entre os poemas patrióticos nos que canta como el afirma, as «grorías da santa terra», está «Pero Pardo de Cela».

³¹ No seu libro *Cantares Gallegos* publicado en 1911 ten unha serie de poemas de carácter patriótico entre os que destacan os poemas da Frouseira mitificando a figura de Pardo de Cela.

³² M. Leiras Pulpeiro, *Obra Completa*, Fundación Penzol, 1970, p.298.

³³ *Obra Completa*, p. 265.

³⁴ Cfr. Ramón Cabanillas, *Obra Completa*, Akal, 1979, t. I, p. 298.

Os defensores literarios da figura do Mariscal non repiten e multiplican ata a saciedade os seus feitos senón que nolo presentan baixo un só aspecto, como o defensor da causa galega, vendido por criados traidores, o heroe derrotado, símbolo dun país tamén derrotado. O Mariscal non é o heroe que quere e pode senón que é un heroe fracasado ao final, de aquí a saudade do pobo, e ao mesmo tempo a súa glorificación por parte do mesmo pobo, a glorificación da derrota porque cando é vencido é quizais cando se descobre a súa grandeza. A derrota do Mariscal actuará como exemplo catapultador para a rexeneración de Galicia. O cantar popular leva implícito un certo mesianismo, coa carga de simbolismo relixioso na comparación da venda da Frouseira e do seu señor, coa venda de Xesucristo, podendo suporse que ao final tamén resucitará: «*De min a triste Frouseira / Que por treixon foi vendida, / Derribada na ribeira / Ca jamais se veo vencida. // Por treixon tamben vindido / Iesus noso Redentor, / E por aquestes tredores / Pedro Pardo meu Señor*».

A concepción mítica da historia que aparece no tratamento literario do Mariscal dáse noutros entornos como o anxevino. Neste entorno había a finalidade de forxar un pasado glorioso para as familias que aspiraban ao poder político, estando neste plano obras como *Estoire des ducs de Normandie*, que trata da linaxe materna de Enrique II. O *Roman de Troie*, *Eneas*, *Brut*, e a *Estoire des ducs de Normandie* teñen o afán de tratar dos reis de Bretaña, ata Artur e os seus descendentes coa finalidade de enlazalos directamente coa dinastía normanda. Artur, tanto na *Historia Regum Britanniae* como no *Roman de Brut*, foi situado como un personaxe historicamente veraz. Artur como personaxe histórico deu paso á elaboración lendaria de diversos relatos construídos e transmitidos de xeración en xeración polo pobo. Algo semellante acontece cos relatos e poemas construídos en torno á figura do Mariscal: non importan os datos históricos concretos senón que o fundamental é como, a partir do pobo que o chorou e o cantou, a imaxe de Pardo de Cela vai medrando e transformándose en mito do heroe exemplar, defensor do pobo galego.

Esta concepción é asumida integramente pola Xeración Nós, e tanto os seus integrantes, como os membros das Irmandades da Fala, ou os autores cunha certa carga patriótica, utilizaban os mitos cun claro sentimento de saudade para a recuperación dun pasado que rexenerase o presente ou o futuro pouco alentador de Galicia porque consideraban que o pasado e o presente dun pobo non se pechan no que algúns entenden por historia³⁵.

A figura de Pardo de Cela deu lugar á elaboración de poemas construídos e transmitidos oralmente, sendo absorvida polo plano da ficción, e é aquí onde se afianza o carácter de heroe salvador, utilizando, en certo modo, o método da literatura xenealóxica cuxo obxectivo consistía en forxar un pasado glorioso para obter o poder político. Este proxecto está conformado ademais coa idea da saudade, entendida como a mágoa de xa non gozar o que nun tempo se gozou, a consciencia da perda daquilo que queríamos noso, a consciencia do «eu» galego e a enerxía para unha recuperación. Sen dúbida o mesianismo está tamén presente nese chorar a morte do Mariscal, vendido como Xesucristo, heroe polo que aínda o pobo parecía esperar o seu regreso. A saudade tería como misión traer ao primeiro plano o pasado para exemplo do futuro. A partir da literatura, a figura do Mariscal máis que unha ficción chega a ser unha realidade que se vive, que se considera que existiu así e que inflúe nunha boa parte do pobo galego que o considera como paradigma para a acción porque lle garante que o que el pretende xa o pretendeu outro. A existencia dese modelo exemplar

³⁵Cfr. «Manuel Murguía, Historiador da nación galega» in *Nós*, 17 de maio de 1933, n.º 113, pp. 74-75.

actúa como incrementador do impulso creador e rexenerador. Sen dúbida que no Mariscal había ideas de defenderse contra o centralismo dos Reis Católicos, mais non importa tanto o feito histórico en si, como o feito de que a súa imaxe se axiganta, convertíndose en paradigma mítico, espello no que o pobo galego ten que mirarse.

No fondo, por parte de moitos historiadores, literatos e pensadores, do que se está a tratar é da nosa identidade, da nosa imaxe en canto produto da nosa existencia. Preténdese forxar unha imaxoloxía galega a partir de imaxens que teñen un estatuto mítico pola irradiación que tiveron, como a do Mariscal Pardo de Cela, figura de máxima positividade para moitos, que nos ten que levar a unha re-descoberta do ser galegos, para comprendernos en canto realidade histórica. É todo un proxecto cunha esperanza para orientalo, para comezar a soñar o futuro a través dun pasado.

A discusión continúa, mais aínda que en Pardo de Cela non houbera conciencia algunha libertadora, cousa que é moi improbable, o pobo, cheo de fervor, ten dereito a forxar os seus mitos e facelos revivir para soñar o seu futuro. Por outra parte, algo debía haber no Mariscal para suscitar as lágrimas e o pesar do pobo que o chorou e o cantou, isto só, debería abondar para desmentir as versións absolutamente negativas da figura de Pardo de Cela.

Cando García Acuña critica a multiplicación dos héroes de «un fantástico Walhala regional», tal vez está pensando tamén na hipótese das nosas orixes celtas e na materia de Bretaña que une o noso pasado con Irlanda, concepcións que entran tamén dentro desa idea mítica da nosa historia. Está claro que non compartiría as ideas de Georges Dumézil para quen o país que non teña lendas está condenado a morrer de frío, mais o pobo que non teña mitos está xa morto. Aínda que Murguía se arrepentise de escribir este soneto no que exaltaba a figura de Pardo de Cela, o feito é que como historiador foi o creador do mito do celtismo na súa *Historia de Galicia*, dando lugar á problemática político-ideolóxica galeguista baixo as formas do rexionalismo ou do nacionalismo. Polo tanto xa na súa obra histórica, non criticada por García Acuña, o autor mistura elementos estéticos e míticos con elementos históricos e científicos para facer unha auténtica obra patriótica porque, como el afirma, o seu desexo é a rehabilitación de Galicia, que o pobo galego tome conciencia dun pasado glorioso que terá que volver nun futuro:

«Galicia ancea a súa rehabilitación, non hei ser eu quen me negue a contribuír a ela; menos, quen a retarde. Como todos os pobos desheredados trate o noso de rexenerarse nas inmortais augas da súa historia»³⁶.

Posibelmente o cambio de actitude de Murguía para con a figura do Mariscal foi unha demostración máis en contra do temperamento apaixonado e exaltado de Vicetto. O curioso é que Murguía conta en *Los Precursores* que a súa admiración por Vicetto comezou ao ler *Los Hidalgos de Monforte*, novela histórica na que se narra o enfrontamento entre o Conde de Lemos, fiel á raíña Isabel, e os irmandiños baixo o mando de Pardo de Cela, personaxe que aparece como o grande mito que sempre defendeu Vicetto. A admiración por esta novela, lida cando estaba en Madrid e da que fala por primeira vez en 1856, ao criticar *El final de Norma* de Alarcón, en *El Correo Universal*, é manifesta e sentida aínda na década dos oitenta, cando publica *Los Precursores*:

³⁶In Prólogo á *Historia de Galicia*, vol. I, 20 ed., p. XXXI.

«La primera vez que leí Los Hidalgos de Monforte fué lejos de la patria... Recuerdo todo; la hora, el sitio y la manera eficaz con que iban tomando ante mis ojos evidencia y vigor los personajes y se grababan en la memoria escenas y lugares... Lo que no sabré decir nunca con entera verdad, es el influjo que aquella novela ejerció sobre mi espíritu y de qué modo fué su autor para el neófito, un revelador y un profeta»³⁷.

De regreso na Coruña é cando se coñeceron os dous historiadores. A impresión negativa de Vicetto para con a figura de Murguía, provocou que nunca se levasen ben. Murguía, nunha forte loita con este, quere aparecer como o historiador rigoroso, cunha sólida base científica da que aquel carece. O entusiasmo de Murguía por *Los Hidalgos de Monforte*, debíase sen dúbida á atracción que exercía sobre el a figura do Mariscal, manifesta, por outra parte na composición do seu soneto. O cambio de opinión posterior non é tan tallante como afirma García Acuña, nen no ensaio publicado no ano 1971, como xa vimos, nen en *Los Precursores*, onde oscila entre a suposta «verdade histórica» e a súa primeira atracción pola figura do mito. Falando da novela de Vicetto como o mellor da súa obra, e negándolle a categoría de historiador rigoroso, oscila outra vez en contradicións, sentíndose aínda preso do fervor polo mito:

«Aún cuando la historia niegue con razón al mariscal Pardo de Cela, el carácter de Libertador que se le asigna en la fábula, siempre quedará en pié, simpática, llena de interés, la figura del soñado jefe de los Hermandinos; de aquel que, según el poeta, combatió por la causa del pueblo y por la causa de Galicia, sacrificadas ambas por la doble cuchillada de los Reyes Católicos y de los próceres gallegos. No se hable de faltas históricas !... todo está compensado con el interés dramático de la narración, con lo perfecto y aún pudiera decirse patriótico de los caracteres, con el fin práctico soñado y perseguido en la novela»³⁸.

A pesar de todo, o soneto de Murguía esta aí axudando a contribuír á formación dun grande mito. Agradecemos a D. Xosé García Acuña ser parte activa na difusión do soneto, ao noso xuízo o poema máis logrado de Murguía, coa súa publicación, que nós reproducimos:

*Ceñida de ciprés mi torpe lira
Exhala melancólicos sonidos,
Tristes como los últimos gemidos
Del guerrero infeliz que los inspira.*

*A su recuerdo el corazón suspira
Y suspende indeciso sus latidos,
Y asoman a los ojos encendidos
Lágrimas de dolor, hambrientas de ira.*

*Vendiéronle y compráronle traidores,
Y de la guerra en la infernal balumba
Como bueno acabó !...Presten las flores*

*Perfume al viento en que su credo zumba,
Himnos de honor los viejos trovadores,
Paz y descanso su olvidada tumba !*

³⁷ Cfr. *Los Precursores*, 5n, pp. 233-234.

³⁸ Cfr. Murguía, ob. cit., p. 252.



A Galera de principios do século. Arxiu Mas.